

Área: Competicións

Circular nº 23 - Temp. 25/26

COBERTURA DO SEGURO DEPORTIVO NO CASO DE FEDERADOS/AS CON DOBRE LICENZA (XOGADOR/A E ADESTRADOR/A) EN SITUACIÓN DE BAIXA MÉDICA COMO XOGADOR/A

Actualmente, cando un federado/a que ostenta dobre licenza en vigor (xogador/a e adestrador/a) e sofre unha lesión deportiva na súa condición de xogador/a, que lle provoca unha baixa médica prolongada para a práctica deportiva; na aplicación do artigo do NOREBA-GA 24 a) e detectando unha inseguridade xurídica importante na cobertura, impediase exercer funcións como adestrador/a en partidos oficiais.

Dende a Federación Galega de Balonmán, tras falar con varios clubs implicados e trasladarnos as diferentes problemáticas que esta circunstancia provoca para a entidade e para o/a propio/a deportista, levamos tempo traballando para buscar unha solución ao respecto.

Dende o envío e publicación desta circular, un federado/a que dispoña de licenza de adestrador/a en vigor podería exercer funcións como adestrador/a durante o período de baixa médica como xogador/a, sempre que non exista contraindicación médica para iso, pero tendo claro as seguintes circunstancias:

1. No caso dun novo accidente, **se o/a adestrador/a ten contrato laboral** e se lesiona mentres exerce como tal, o accidente debe tramitarse como accidente laboral ante a mutua de traballo do club, conforme á normativa de prevención de riscos laborais e á Lei Xeral da Seguridade Social, e non ante o seguro deportivo federativo
2. Pola contra, **se o/a adestrador/a non mantén relación laboral co club** e exerce unicamente en virtude da súa licenza federativa, os accidentes producidos no desenvolvemento da actividade deportiva federada deberán tramitarse a través do seguro deportivo da Federación, tendo claras as seguintes circunstancias:
 - Antes de exercer, a persoa asegurada deberá presentar a través do club un certificado médico onde quede claro que non existe prescripción médica que prohiba o desempeño da súa función coma adestrador/a. O certificado deberá enviarse a: info@fgbalonman.com e adminsitracion@fgbalonman.com.

- Durante o desempeño das súas labores coma adestrador/a, non estarán cubertas as lesións que teñan relación con patoloxías de carácter crónico ou dexenerativo, e tampouco coa lesión ou lesións que provocaron a súa baixa coma xogador/a, por exemplo:

Se un xogador/a sofre unha lesión de ligamento e non pode xogar, pero si pode adestrar. Se durante a baixa coma xogador/a, adestrando ao equipo caese ao chan e volvese lesionarse o mesmo xeonllo ou outra parte do corpo, en principio, non tería cobertura.

- Nestes casos, a cobertura do seguro deportivo aplicarase respecto dos riscos derivados da súa actividade como adestrador/a, na actividade federativa desenvolvida baixo licenza en vigor. Dita cobertura limitárase exclusivamente á actividade técnica, non podendo estenderse á práctica deportiva mentres dure a baixa médica.



Federación Galega de Balonmán
En Vigo, a 05 de marzo de 2026.